O Ouvido e o Calado

V. VEIGUELA

¿que quere dicir zyczę radości?
no contexto dos meus be,izos
é berrarche que te quero
sen dicilo
no espacio líquido das noites
derramadas da pantalla,
é escribirche coa miña voz máis ronca
como é o meu anceio...
e como ten de ser
infinito errabundo entre os outros milleiros das
cousas non ditas
por se acaso o misterio da encarnación é certo.

en realidade só pretende ser
unha pequena trampa
para que á túa subxectividade
se lle poña a pel de pita
e para que á túa obxectividade
ábra-la gramática
polo apartado da semántica imprecisa.

deséxoche ledicias
baixo a (miña) sombra.

* * *

tras de ti deixáche-lo silencio
ferido polos ruídos espesos da cidade
trouxeches as mans cheas
coa inquedante fermosura da soidade,
cun pranto antigo
que foi enxertarse coma un animal escuro
entre as miñas costelas.

tras de ti deixáche-lo silencio
do meu sangue
quente
como os cereais en chamas.

ás veces estás tan preto
que non podo tocarche...

Madrygal
2000, 3: 151-155